

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 61

ano 10

novembro-décembro 2015

A RESTAURACIÓN DE FERNANDO VII


Co correo da mañá do 16 de maio de 1814 chega á cidade de Ourense o Real Decreto expedido por **Fernando VII** en Valencia o día 4 dese mesmo mes. Nel proclamábase rei das Españas e derogaba a **Constitución de 1812** e todos os seus decretos, “dejándolos sin ningún valor ni efecto”. No **libro de acordos** do Concello de Ourense dese ano queda reflectida a reunión que celebraron todos os membros da corporación esa mesma mañá.

Dado o alborozo e “la alegría universal a que se entregó este fiel vecindario” tras coñecer a noticia, o Concello decide “celebrar este acontecimiento como merece”. Para dar entidade aos **fastos**, acorda colocar unha iluminación xeral, na que cada veciño ha de iluminar a fachada da súa casa entre as 8 e as 10 da noite “con la elegancia y buen gusto que a cada cual le inspire su amor al rey y le permitan sus facultades”. Tamén deciden colocar no balcón das “casas consistoriales” o retrato de Fernando VII, e custodialo cunha garda solicitada ao gobernador militar, a quen ademais lle piden “que franquee piquetes que patrullen por las calles y plazas durante la iluminación”. Para a celebración encargan ao rexedor D. Antonio de Novoa que compre **foguetes** e que busque e contrate os **músicos** para a orquestra, que se situará no balcón das casas do Concello. Recorren tamén ao Deán para solicitarlle un **repique de campás** a pausas durante a iluminación, e para que “permita la concurrencia de los músicos de su capilla que se consideren menester para la orquesta”.

A devandita sesión do pleno do Concello vese interrompida en dúas ocasións: a primeira debido a que han de saír para anunciar o Te Deum que na Catedral se vai levar a cabo en acción de grazas pola restitución do rei, e a segunda cando repicaron as campás chamando á asistencia ao Te Deum, ao que acode o pleno ao completo.

Toda a cidade se alegra ante o regreso ao trono de Fernando VII, pois anuncia o fin definitivo da **Guerra de Independencia** contra os franceses que causou numerosos prexuízos no territorio, como xa se tratou en anteriores publicacións de *Fronda*. Ademais supón a **volta do absolutismo** fronte ao constitucionalismo liberal que se instituíra nas Cortes de Cádiz dous anos antes, e que non tivera unha aceptación positiva nunha

gran parte da poboación española daquel período histórico de transición do Antigo Réxime ao Estado Liberal. Mostra da reacción fronte ás novas propostas político-sociais foi a “moda” que se impuxo entón entre os partidarios do retorno de Fernando VII de berrar en público o lema “**vivan las cadenas**”, en referencia ao poder absoluto do monarca.



1814, maio, 16. Ourense

Acta do Concello de Ourense na que se dá conta da abolición da Constitución de 1812 e á volta ao Absolutismo.


Libro de acordos do Concello de Ourense de 1814

Papel, escritura humanística; castelán; 230 x 325 mm.

AHPOU, Concello de Ourense, Libro 135, fol 108 v.

Restauración do Antigo Réxime

Durante a **Guerra de Independencia** en España non só se combate para liberarse do yugo francés e pola volta de Fernando VII “el Deseado”, senón que se aproveitaba o baleiro de poder deixado polo rei mentres este se encontra recluído en Valençay para modernizar o sistema político seguindo **ideas liberais**. As Cortes de Cádiz redactan unha **Constitución en 1812** que acaba cos señoríos e os morgados, abole o Tribunal da Santa Inquisición, e na que prima a soberanía do pobo fronte á do monarca. Constitúese así un réxime novo no que a nobreza, a Igrexa e o rei ven reducidos os seus privilexios. Non é de estrañar, pois, que co regreso de Fernando VII, a principios de 1814, sexan principalmente estes estamentos os partidarios de reinstaurar o antigo réxime absolutista.



Inicio da acta do libro de acordos da cidade de Ourense o día 16 de maio de 1814. AHPOu, Concello de Ourense, L. 135, fol. 108 r.

Contrariado por ter que ceder parte do seu poder ante as Cortes e animado por unha serie de personaxes, entre os que destacan os 69 deputados asinantes do **Manifiesto dos Persas** (dos cales 10 eran galegos), Fernando VII expide un decreto, o 4 de maio en Valencia, no que derroga a Constitución, e ordena ao xeneral Eguía que entre en Madrid e disolva as Cortes. Isto lévase a cabo a noite do 10 de maio, completando con iso un auténtico **golpe de estado** para instaurar de novo o **Antigo Réxime**.

Comeza así un período de **represión** e persecución cara aos liberais, onde a primeira acción por parte de Eguía é utilizar a información do arquivo do edificio das Cortes para perseguir e recluír os deputados liberais.

División galega entre absolutistas e liberais

Podemos falar de dous grupos de poder na Galicia de 1814: o **poder cívico-militar**, na Coruña, Ferrol, Pontevedra e Vigo, con capital na Coruña, que fora a sede da Xunta Suprema de Galicia durante a guerra; e o poder eclesiástico en Santiago, Lugo, Ourense e Tui, coa mitra compostelá como epicentro.

Este **poder eclesiástico** era o principal interesado na volta ao absolutismo, pois a Constitución rematara co Tribunal da Santa Inquisición e co Voto de Santiago, que era unha das principais fontes de ingresos do arcebispado compostelán. Nas cidades costeiras de reguengo, pola contra, a crecente burguesía comercial e os mozos oficiais do exército, formados durante a guerra con ideas liberais, van constituír o principal foco de liberalismo en Galicia.

Esta confrontación entre A Coruña e Compostela é clara en 1815, cando o **pronunciamento de Porlier** na Coruña para proclamar a Constitución de 1812 consegue poñer da súa parte os rexementos da cidade e de Ferrol. Días máis tarde, encabezando a tropa cara a Compostela para tomar a cidade, será traizoado polos seus propios sarxentos, pagados con diñeiro do cabido compostelán, e executado seguidamente na cidade da Coruña.

Restauración absolutista na cidade de Ourense

Revisando as actas dos días posteriores á estudada nesta publicación, queda patente que a **cidade de Ourense** acolleu a restauración do poder absoluto de Fernando VII con **alegría**, celebrándoo durante todo aquel día 16 de maio, paseando nun carro iluminado o retrato do rei e queimando exemplares da Constitución na praza.

As tropas do **exército** acantoadas na cidade levaron a cabo unha cerimonia o día 22 para xurar lealdade ao rei na praza. Así mesmo tamén se recolle o desexo, do pobo e do Concello, de que regrese á cidade o bispo don **Pedro Quevedo** e Quintano, exiliado en Portugal e claro partidario do absolutismo, se ben xurara no seu día a Constitución de 1812.

A resposta do pobo ourensán ante a restitución do monarca en 1814 é ben distinta á que manifestará uns anos máis tarde, en 1820. Nesta ocasión concentráronse na cidade os defensores do absolutismo en Galicia, que viñan repregándose ante o avance dos liberais sublevados que instaurarían o **Trienio Liberal** (1820-1823). O xeneral Pol, Gobernador de Santiago, fixo un chamamento ao pobo ourensán invitándoo á resistencia, pero para entón xa non quedaba nada dese ímpeto absolutista nas xentes de Ourense, que fan caso omiso ao chamamento.